



## **SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA COMARCA DE FERROL DE 13 DE MARZO DE 2017**

Na casa do Concello de Ferrol, sendo as dezaioito horas do día arriba indicado reuniuse o Pleno da Mancomunidad de Municipios da Comarca de Ferrol, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia de Jorge Juan Suárez Fernández, Alcalde de Ferrol, e a asistencia das seguintes persoas:

- Concello de Ares: Julio Ignacio Iglesias Redondo, Alcalde.
- Concello de Cabanas: Manuel González López, representante do concello de Cabanas.
- Concello de Cedeira: Pablo Diego Moreda Gil, Alcalde.
- Concello de Fene: Juventino Trigo Rey, Alcalde.
- Concello de Mugarodos: Pilar Díaz Otero, Alcaldesa.
- Concello de Narón: José Manuel Blanco Suárez, Alcalde de Narón.
- Concello de Neda: Angel Álvaro Saavedra, Alcalde.
- Concello de Valdoviño: Alberto González Fernández, Alcalde.

Asistidos polo Secretario Leopoldo Moure García, polo Interventor Manuel Roel Hernández-Serrano, e polo Xerente Luis Alcalá Baillie, ao obxecto de celebrar sesión ordinaria.

### **1 Lectura e aprobación se procede de actas de sesións anteriores.**

Por unanimidade das persoas asistentes apróbase a acta da sesión de 23 de xaneiro de 2016.

### **2 Presentación do proxecto para o convenio coa Axencia Turismo de Galicia do ano 2017.**

O xerente informa de que finalmente non está previsto por parte da Xunta un convenio bienal para o bienio 2017-2018, debido á intención de que a Mancomunidad inicie esta fórmula no bienio 2018-2019 e se integre no mesmo ciclo que outras mancomunidades e consorcios.

A continuación explica o proxecto presentado á Xunta de Galicia como base para o convenio 2017-2018.

De acordo co proxecto, o convenio conta cun orzamento de 75.000,00, dos cales 60.000 son achegados pola Xunta de Galicia e 15.000,00 pola Mancomunidad, cuxa distribución entre os concellos en proporción á poboación é a seguinte:



Concello	Poboación (cifras oficiais a 01/01/16)	Achega
Ares	5672	552,13 €
Cabanas	3259	317,24 €
Cedeira	6997	681,11 €
Fene	13250	1.289,80 €
Ferrol	68308	6.649,32 €
Mugardos	5335	519,33 €
Narón	39426	3.837,85 €
Neda	5197	505,89 €
Valdoviño	6650	647,33 €
Total	154094	15.000,00 €

De acordo co anterior, tendo en conta que o convenio se asinou en condicións similares durante os últimos tres anos, as persoas asistentes acordan por unanimidade:



1. Aprobar o proxecto presentado á Axencia Turismo de Galicia, sen prexuízo das revisións técnicas que poidan producirse durante a tramitación do convenio.
2. Aprobar as condicións económicas do proxecto e a súa distribución en proporción á poboación.
3. Notificar o presente acordo co obxecto de que polo órgano competente de cada un dos concellos se aprobe o compromiso de financiamento nos termos indicados, que deberá ser notificado á Mancomunidade á maior brevidade.
4. Unha vez asinado o correspondente convenio pola Axencia Turismo de Galicia, tramitarse un expediente de modificación de crédito para o financiamento destes gastos, que poderá ser aprobado polo presidente da Mancomunidade baseándose no presente acordo, sen prexuízo do establecido no punto 3.



**3 Dar conta de subvencións solicitadas e concedidas.**

- 3.1 Subvencións da Axencia Turismo de Galicia a entidades locais para o apoio aos investimentos para o fomento da accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos no medio rural.**

Preséntase ao pleno a memoria valorada da dotación de aseos de tempada accesibles en cada un dos concellos da Mancomunidade.



O xerente explica que a subvención da Xunta de Galicia pode alcanzar como máximo os 50.000 €, polo que se require compromiso de financiamento do restante orzamento polos concellos da Mancomunidad, que procede distribuír de forma equitativa toda vez que o investimento é idéntico en todos os concellos.

En consecuencia, as condicións económicas do proxecto son as seguintes:

	Base imponible	IVE	Total
Execución material	40.980,06 €	8.605,81 €	49.585,87 €
Beneficio industrial	2.458,80 €	516,35 €	2.975,15 €
Gastos xerais	5.327,40 €	1.118,75 €	6.446,15 €
Total	48.766,26 €	10.240,91 €	59.007,17 €
Honorarios técnicos: Redacción de proxecto	750,00 €	157,50 €	907,50 €
Total investimento			59.914,67 €
Subvención máxima			50.000,00 €
Cofinanciamento			9.914,67 €
Achega por concello			1.101,63 €

Á vista do anterior as persoas asistentes acordan por unanimidade:

1. Aprobar o proxecto presentado á convocatoria de subvencións da Axencia Turismo de Galicia a entidades locais para o apoio aos investimentos para o fomento da accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos no medio rural do ano 2017.
2. Aprobar as condicións económicas do proxecto e a súa distribución equitativa entre os concellos, que representa unha achega de 1.101,63 € por municipio.
3. Notificar o presente acordo co obxecto de que polo órgano competente de cada un dos concellos se aprobe o compromiso de financiamento nos termos indicados, que deberá ser notificado á Mancomunidad á maior brevidade.
4. Unha vez concedida a subvención á Mancomunidad, tramitárase un expediente de modificación de crédito para o financiamento destes gastos, que poderá ser aprobado polo presidente da Mancomunidad baseándose no presente acordo, sen prexuízo do establecido no punto 3.

### **3.2 Subvencións da Axencia Turismo de Galicia a concellos declarados municipios turísticos e a xeodestinos de Galicia, para a contratación de persoal nas oficinas de turismo para o ano 2017.**

Dase conta da subvención solicitada nesta convocatoria para a contratación durante dous meses dunha persoa financiada ao 100% pola Axencia Turismo de Galicia.

### **3.3 Axudas do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2017.**



Dáse conta da subvención solicitada nesta convocatoria, destinada a gastos de funcionamento do servizo de xestión de residuos voluminosos da Mancomunidade durante o 2017.

**3.4 Programa de subvencións da Deputación da Coruña dirixido a entes de xestión, asociacións, mancomunidades e consorcios turísticos para a mellora da calidade, competitividade e actividades turísticas, da provincia da Coruña, no ano 2016.**

Dáse conta da resolución de concesión provisional dunha subvención ao abeiro desta convocatoria, publicada no BOP de 24 de febreiro de 2017.

O xerente explica o seguinte problema de prazos: A convocatoria de subvencións publicouse o 28 de novembro de 2016 e financia gastos realizados no propio ano 2016, se ben contempla a posibilidade dunha prórroga ata o 30 de abril de 2017, pero dita prórroga non se pode solicitar ata que exista unha resolución definitiva. En resumo, os trámites dependentes da Deputación concluirían no mellor dos casos a finais de marzo, o que deixa apenas un mes, coa semana santa por medio, para a execución e xustificación do proxecto por parte da Mancomunidade, prazo insuficiente polas características do proxecto, que implica a participación activa do empresariado turístico.

Consúltase ao interventor a posibilidade de xerar crédito antes da concesión definitiva da subvención a fin de adiantar trámites, ao que responde remitindo á propia resolución provisional na que se indica literalmente: "A presente resolución provisional non xera dereito ningún a favor dos beneficiarios propostos. Só a publicación da resolución definitiva xerará estes dereitos."

Os membros do pleno deliberan sobre as posibilidades de aproveitamento desta subvención, e finalmente acórdase solicitar unha reformulación ou cambio de obxecto de forma que poidan imputarse os custos laborais durante o ano 2016 da xerencia da Mancomunidade como responsable da xestión de proxectos turísticos.

**4 Presentación e aprobación, se procede, de bases para a contratación de auxiliar administrativo.**

Preséntase ao pleno con carácter de borrador unha proposta de bases para a contratación dun/unha auxiliar administrativo.

O xerente explica que o documento baséase nas bases aprobadas no ano 2011 polo concello de Ferrol, sobre o que simplemente se actualizaron as referencias legislativas, se reduciu o temario relativo ao empadramento, e se engadiron ao final dous temas, un específico de mancomunidades e outro sobre facendas locais proposto polo Interventor. Outro elemento diferencial é a gratuidade da participación do proceso selectivo, por carecer a Mancomunidade



dunha ordenanza fiscal reguladora de taxas a estes efectos, e en aras da simplicidade tendo en conta a alta proporción de persoas desempregadas que previsiblemente participarían no proceso e cuxa exención sería preciso tramitar.

Tendo en conta o elevado número de participantes, acórdase modificar o borrador de forma que os exercicios sobre o temario (1 e 2) sexan tipo test, sempre que así o permita o *Real Decreto 896/1991, de 7 de junio, por el que se establecen las reglas básicas y los programas mínimos a que debe ajustarse el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración Local.*

### 5 Sunvencións ao fomento do cooperativismo.

O xerente informa sobre a Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria do 26 de xaneiro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións ás entidades asociativas, ás oficinas locais e a outras entidades colaboradoras da Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social, e se convocan para o ano 2017.

Luis Alcalá explica que a subvención cubre gastos realizados entre o 1 de outubro de 2016 e o 30 de setembro de 2017, e que as sucesivas convocatorias deste programa de subvencións encadean os períodos subvencionables, se ben o problema consiste en que a convocatoria é posterior ao inicio do período subvencionable e a resolución de concesión moi próxima ao fin deste período.

Preséntanse ao Pleno as seguintes condicións económicas para o proxecto de fomento do cooperativismo do ano 2017:

Convenio colectivo para o sector de oficinas e despachos provincial da coruña (B.O.P. Nº30 de 13/02/2014)

GRUPO COTIZAC. SEG.SOC.	OCUPACIÓN	CUSTO UNITARIO MENSUAL DO/DA TÉCNICO DE COOPERATIVISMO					
		SALARIO BRUTO Incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias	% COTA PATRONAL SEG. SOC.	COTA PATRONAL Á SEG.SOCIAL	TOTAL CUSTO MENSUAL	Gastos de desprazamento (estimación mensual)	total
2	Orientador/a profesional para a inserción	1.600,01 €	32,75%	524,00 €	2.124,02 €	100,00 €	2.224,02 €





Concello	Poboación	Gastos mensuais de persoal		
		Xunta	Concellos	Total
Ares	5672		22,97 €	
Cabanas	3259		13,20 €	
Cedeira	6997		28,34 €	
Fene	13250		53,66 €	
Ferrol	68308		276,62 €	
Mugardos	5335		21,60 €	
Narón	39426		159,66 €	
Neda	5197		21,05 €	
Valdoviño	6650		26,93 €	
<b>Total</b>	<b>154094</b>	<b>1600</b>	<b>624,02 €</b>	<b>2.224,02 €</b>

Concello	Poboación	Gastos de persoal para 5 meses		
		Xunta	Concellos	Total
Ares	5672		114,85 €	
Cabanas	3259		65,99 €	
Cedeira	6997		141,68 €	
Fene	13250		268,29 €	
Ferrol	68308		1.383,10 €	
Mugardos	5335		108,02 €	
Narón	39426		798,30 €	
Neda	5197		105,23 €	
Valdoviño	6650		134,65 €	
<b>Total</b>	<b>154094</b>	<b>8000</b>	<b>3.120,09 €</b>	<b>11.120,09 €</b>



Concello	Poboación	Actividades de promoción do cooperativismo (celebración de xornadas, publicación de manuais...)		
		Xunta	Concellos	Total
Ares	5672		22,09 €	
Cabanas	3259		12,69 €	
Cedeira	6997		27,24 €	
Fene	13250		51,59 €	
Ferrol	68308		265,97 €	
Mugardos	5335		20,77 €	
Narón	39426		153,51 €	
Neda	5197		20,24 €	
Valdoviño	6650		25,89 €	
<b>Total</b>	<b>154094</b>	<b>2.400,00 €</b>	<b>600,00 €</b>	<b>3.000,00 €</b>



Concello	Poboación	Persoal (5 meses) + actividades		
		Xunta	Concellos	Total
Ares	5672		136,93 €	
Cabanas	3259		78,68 €	
Cedeira	6997		168,92 €	
Fene	13250		319,88 €	
Ferrol	68308		1.649,07 €	
Mugardos	5335		128,80 €	
Narón	39426		951,81 €	
Neda	5197		125,46 €	
Valdoviño	6650		160,54 €	
<b>Total</b>	<b>154094</b>	<b>10.400,00 €</b>	<b>3.720,09 €</b>	<b>14.120,09 €</b>



Á vista do anterior, as persoas asistentes acordan por unanimidade:

1. A Mancomunidad solicitará unha subvención ao abeiro da Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria do 26 de xaneiro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións para o fomento do cooperativismo e a economía social, de acordo coas condicións económicas arriba transcritas.
2. Co obxecto de non desaproveitar a subvención, a Mancomunidad iniciará o proxecto de forma previa á resolución de concesión, para o cal requirese o compromiso dos concellos de financiar a totalidade do proxecto, distribuída de forma proporcional á poboación conforme o seguinte cadro:



Concello	Poboación	Achega
Ares	5672	519,74 €
Cabanas	3259	298,63 €
Cedeira	6997	641,16 €
Fene	13250	1.214,14 €
Ferrol	68308	6.259,26 €
Mugardos	5335	488,86 €
Narón	39426	3.612,72 €
Neda	5197	476,22 €
Valdoviño	6650	609,36 €
Total	154094	14.120,09 €



3. Notificarase o presente acordo co obxecto de que polo órgano competente de cada un dos concellos se aprobo o compromiso de financiamento nos termos indicados, que deberá ser notificado á Mancomunidad á maior brevidade.
4. Tramitarase un expediente de modificación de crédito para o financiamento destes gastos, que poderá ser aprobado polo presidente da Mancomunidad baseándose no presente acordo, sen prexuízo do establecido no punto 3.

#### **6 Convenio coa asociación de protección e defensa dos animais domésticos Cometa.**

Preséntase ao Pleno para a súa aprobación o convenio de colaboración entre a Mancomunidad de concellos da comarca de Ferrol e a asociación "Cometa" para a promoción da adopción dos animais domésticos abandonados do Refuxio de animais de Mougá.

O xerente explica que dito convenio carece de implicacións económicas e contribúe aos obxectivos de ambas entidades.

As persoas asistentes acordan por unanimidade aprobar o documento para a súa sinatura polo Presidente da Mancomunidad.



### **7 Solidariedade coa iniciativa “Unha cura para Adri”.**

Infórmase das actividades programadas polo Asociación “Una cura para Adri” conxuntamente coa Federación Galega de Fútbol, e acórdase colaborar na difusión das mesmas.

### **8 Seguimento e impulso de servizos e proxectos.**

Este asunto foi abordado en puntos anteriores.

### **9 Rogos e preguntas.**

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia declara levantada a sesión, sendo as dezanove horas e dez minutos, de todo o que, como Secretario, DOU FE.

O Presidente da Mancomunidade

Asdo: Jorge Juan Suárez Fernández



O Secretario da Mancomunidade

Asdo: Leopoldo Moure García

